



ACTA DE 3 DE XULLO DE 2019 DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO SOBRE A FORMALIZACIÓN DOS NOMEAMENTOS DE PERSOAL ESTATUTARIO EVENTUAL DE CONTINUIDADE NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
Mª José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.
Javier García Caeiro, - Xefe de Servizo de Relacións Laborais.
Silvia Negreira Vidal. - Xefa de Servizo de Recursos e Reclamacións.

Polas organizacións sindicais:

Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)
Roberto C. Martín Dopico (CESM-O'MEGA)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
María Emma Rodríguez Corte (SATSE)
Carmen García Rivas (SATSE)

En Santiago de Compostela, as 10:00 horas do día 3 de xullo de 2019, na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde reúnese a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do apartado 10 da Resolución do 24 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro), coa asistencia das persoas á marxe relacionadas, co obxecto de analizar á posibilidade de extensión do nomeamento a outras categorías estatutarias. Logo de realizadas as negociacións no seo da Comisión,

as partes asinantes acadan o seguinte

ACORDO

1.- Ámbito funcional dos nomeamentos de continuidade na categoría de enfermeira/o.

O abeiro da habilitación recollida no apartado segundo das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro), se acorda estender a aplicación deste nomeamento á categoría de enfermeira/o.

Nesta categoría os nomeamentos realizaranse para prestar servizos ou ben no ámbito da atención hospitalaria, ou ben no ámbito de atención primaria. Neste último ámbito nos

[Handwritten signatures and initials in blue ink, including 'CSM', 'SATSE', 'UGT', and 'ESTP']

[Handwritten signature in blue ink]

[Handwritten signature in blue ink]



mesmos termos previstos no apartado segundo punto 1 das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade.

2.- Ámbito territorial dos nomeamentos de continuidade na categoría de enfermeira/o.

Aos nomeamentos de continuidade na categoría de enfermeira/o que se realicen en atención primaria, seralle de aplicación os ámbitos potenciais actualmente definidos pola comisión de seguimento.

Respecto dos nomeamentos que se formalicen no nivel de atención hospitalaria, o réxime de prestación de servizos poderá estenderse a dous ou máis centros do mesmo distrito sanitario.

Polas organizacións sindicais:

CESM -O'MEGA

CSIF

UGT

SATSE

Pola Administración: